



10 pasos para realizar un podcast

Formador. Lucas Rey Seoane



centro de
formación e recursos

8 pasos para realizar un podcast.

1

Desenvolver a idea e elaborar unha pauta do programa.

3

Configurar o programa de edición de audio Audacity.

5

Etiquetar os arquivos de audio e facer unha copia de seguridade.

7

Editar o programa de audio en Audacity.

2

Elaborar un guión literario.

4

Capturar as locucións escritas no guión.

6

Buscar e descargar os temas musicáis, efectos sonoros, etc.

8

Exportar o programa de audio en formato comprimido.

Gravar un podcast.



Desenvolver a idea e elaborar unha pauta do programa.

Título	Sarxento Pementa	
Tipo	Musical especializado, de actualidade local.	
Duración	45 '	
Periodicidade	Semanal	
Emisora	Radio Patio	
Equipo	Eva, Fernando, Manuel e Marta	
Seccións		
Descrición	Contido	Duración
Sintonía		20 ''
Careta de inicio	Presentación do programa e o equipo	1 '
Grupo da semana	Temas selectos dun grupo local introducidas polo locutor	20 '
Cuña promocional		20 ''
Entrevista	Entrevista a un artista local con música de fondo	10 '
Cuña promocional		20 ''
Actuación en directo	Interpretación dun tema en directo	5 '
Eventos da semana	Axenda local e semanal de concertos	5 '
Careta de final	Despedida con resumo de contidos e agradecementos	2 '
Tema de despedida		1 '
Total		45 '

Gravar un podcast.

2

Elaborar un guión literario.

LOC1. Soy Alfonso Cardenal, y en este episodio de Sofá Sonoro vamos a recordar el viaje de Radiohead por los años 90. Un recorrido desde su debut, con Pablo Honey, al comienzo del nuevo milenio, con su cuarto álbum de estudio. Una etapa agitada y arriesgada que vamos a recorrer junto a Mario Tornero, Tony Casternado y Jimena Marcos.

Careta.

LOC1. En los años 90, pasaron muchas cosas en la música: La explosión del Grunge, la respuesta del Britpop, el nacimiento del Indie en España, y la explosión de las Boy Bands y las Girl Bands.

Al margen de todo esto [...]

Bienvenidos a Sofá Sonoro.

Música. Stop Whispering (Radiohead, 1993).

LOC1. Entre 1993 y el año 2000, Radiohead publicó cuatro discos. En esos cuatro trabajos está lo más destacado de la banda inglesa. Una colección de canciones que los consagró como un grupo diferente, complejo y tremendamente influyente.

En este episodio de Sofá Sonoro vamos a recordar esa primera etapa de Radiohead, y partimos de sus inicios, unos primeros pasos que Jimena Marcos nos recuerda.

LOC2. 1985, en el colegio para chicos de Abingdon-on-Thames, Oxfordshire, Inglaterra [...]

Gravar un podcast.

3

Configurar o programa de edición de audio Audacity.

1. Abrimos Audacity e creamos un novo proxecto en Archivo – Novo.
2. Imos a Preferencias – Configuración de audio:
 - i. Ir a Dispositivos – Servidor: **MME**.
 - ii. Ir a Dispositivos – Gravación...

Para usar os 4 micrófonos do estudio: Dispositivo: **Micrófono (USB Audio CODEC)** ; Canales: **1 (Mono)**.


Para usar o micrófono do control: Dispositivo: **Micrófono (RG6818)** ; Canales: **1 (Mono)**.
 - iii. Ir a Dispositivos – Reprodución – Dispositivo: **Altavoces (USB Audio CODEC)**.
3. Aceptamos as modificacións.

Gravar un podcast.

4

Capturar as locucións escritas no guión.

1. Imos a Audacity e engadimos unha pista de audio para cada locutor en Pistas – Agregar nova – Pista mono.
2. Abrimos o menú desplegable de cada pista no símbolo ▼ e a continuación:
 - i. Renomeamos as pistas como LOC1, LOC2, LOC3 e LOC4.
 - ii. Asignamos unha Cor da forma de onda diferente a cada pista.
 - iii. Marcamos só a opción ver a Forma de onda.
3. Acendemos a mesa de mezclas e abrimos os controis do volume do primeiro locutor.
4. Seleccionamos a primeira pista, pulsamos o botón de Gravar  e observamos se o audio se rexistra. O ideal é obter uns niveis de gravación arredor dos -12dB.



10 pasos para realizar un podcast


Controis de volume.

Ganancia do canal
(nivel de entrada)

Atenuador do canal
(nivel de saída)

Picómetro
principal

Atenuador
principal



Gravar un podcast.

4

Capturar as locucións escritas no guión.

Co modelo de mesa de mezclas do noso estudio non é posíbel, gravar tódalas locucións en pistas independentes ao mesmo tempo, temos que escoller entre unha destas opcións:

- a) Gravar tódalas locucións na mesma pista ao mesmo tempo.
- b) Gravar unha a unha as locucións en pistas independentes.

Gravar un podcast.

4

Capturar as locucións escritas no guión.

OPCIÓN A. Gravar tódalas locucións na mesma pista ao mesmo tempo.

1. Abrimos os atenuadores de canal da mesa de tódolos locutores.
2. Seleccionamos unha única pista para tódolos locutores (LOC) en Audacity.
3. Pulsamos o botón Gravar  e rexistramos as locucións.
4. Se se producen erros teremos que valorar dúas opcións: regravar a locución ou editala.

Gravar un podcast.

4

Capturar as locucións escritas no guión.

OPCIÓN B. Gravar unha a unha as locucións en pistas independentes.

1. Baixamos tódolos atenuadores de canal da mesa agás o do locutor 1.
2. Seleccionamos a pista LOC1 en Audacity.
3. Pulsamos o botón Gravar  e rexistramos só as locucións do locutor 1 mentres o resto de locutores van dialogando con el.
4. Seleccionamos a pista LOC2, pulsamos o botón Gravar e rexistramos as locucións do locutor 2.
5. Repetimos o procedemento para o resto de locutores.

Exportar un podcast.

5

Etiquetar os arquivos de audio e facer unha copia de seguridade.

1. Imos ao menú Arquivo – Exportar audio, e na ventá emerxente:
 - i. En Opcións de audio escollemos a opción Mono.
 - ii. En Rango de exportación escollemos a opción Múltiples arquivos.
 - iii. En Dividir arquivos baseados en escollemos a opción Pistas.
 - iv. Pinchamos en Exportar.
2. Arquivamos os arquivos nun cartafol específico para as locucións e facemos unha copia de seguridade.

Editar un podcast.

6

Buscar e descargar os temas musicáis, efectos sonoros, etc.

1. Descargamos efectos de son libres de dereitos nalgún destes sitios web: sound-effects.bbcrewind.co.uk ; freesfx.co.uk ; freesound.org ; zapsplat.com ; soundeffectsplus.com ; findsounds.com ; sounddogs.com.
2. Descargamos temas musicais libres de dereitos nalgún destes sitios web: freemusicarchive.org ; jamendo.com ; epidemicsound.com ; tunetank.com ; soundcloud.com ; pond5.com ; tonopro.es ; ccmixter.org ; musopen.org.

Editar un podcast.

7

Editar o programa de audio en Audacity.

1. Abrimos Audacity.
2. Imos agora a Arquivo – Importar – Audio... e seleccionamos tódolas locucións.
3. Renomeamos as pistas como LOC1, LOC2, LOC3, LOC4, etc.
4. Engadimos dúas novas pistas, unha pista de audio mono para efectos, que renomearemos como SFX, e unha pista de audio estéreo para música, renomeada MUS.
5. Imos construíndo a liña de tempo do noso programa dacordo co noso guión.
6. Comezamos ordenando as locucións, dividindo primeiro os clips de audio a través do menú Editar - Bloques de audio – Dividir, e desprazándoos despois coa icona da "man" á súa nova ubicación.

Editar un podcast.

7

Editar o programa de audio en Audacity.

7. Se queremos seleccionar un fragmento dunha pista para silencialo ou pola contra aillalo, seleccionámolo coa ferramenta  e escollemos entre as opcións  .
8. Importamos os efectos e músicas que queiramos engadir e os imos arrastrando até as pistas SFX e MUS dacordo co noso guión.
9. Se queremos empregar parte dun tema musical como fondo, temos que reducir o seu nivel só durante as locucións, o que faremos botando man das envolventes .
10. Por último podemos engadir efectos como ecualización, reverberación, reducción de ruído, etc.

Exportar un podcast.

8

Exportar o programa de audio en formato comprimido.

1. Imos ao menú Arquivo – Exportar audio, e na ventá emerxente:
 - i. En Formato escollemos a opción MP3.
 - ii. En Opcións de audio escollemos a opción Estéreo, a 44100Hz, constante e 128kbps.
 - iii. En Rango de exportación escollemos a opción Proxecto completo.
 - iv. Pinchamos en Exportar.
2. Abrimos o arquivo do noso programa en calqueira reprodutor de audio para comprobar que se escoitan tódalas pistas.